



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago- 27611 Paradelas (Lugo)

Tel.: 982 54 11 01/ 96 – Fax.: 982 54 12 32 / 07

E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

BANDO

JOSE MANUEL MATO DÍAZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA (LUGO).

Pon en coñecemento de tódalas persoas interesadas que se atopa aberto o prazo de solicitude do **PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL (BALNEARIOS) PARA O ANO 2023 dependente do IMSERSO.**

Os REQUISITOS para acceder a dito programa son:

- Ser pensionista de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser pensionista de viuvez con cincuenta e cinco ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser pensionista por outros conceptos ou perceptor de prestacións ou subsidios de desemprego, con sesenta ou máis anos de idade do Sistema de Seguridade Social español.
- Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con sesenta e cinco ou máis anos de idade.

As quendas terán unha duración de 10 ou de 12 días, que comprenden os seguintes SERVIZOS:

- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa en habitación dobre.
- Tratamento termal e Póliza colectiva de seguro
- Os desprazamentos aos establecementos termais e o regreso é por conta do beneficiario.

Prazo de solicitude:

- **Quenda febreiro a agosto: ata o 9 de xaneiro de 2023.**
- **Quenda setembro a decembro: ata o 15 de maio de 2023.**

Para máis información e tramitación da solicitude poderán acudir aos servizos sociais deste Concello.

Paradelas, na data da sinatura á marxe.

O Alcalde

